

RESOLUCIÓN REITORAL DE 4 DE XULLO DE 2024 POLA QUE SE ESTABECE O PREZO DE MATRÍCULA NO CURSO 2024/25 PARA O ALUMNADO ESTRANXEIRO MAIOR DE DEZAOITO ANOS QUE NON TEÑA A CONDICIÓN DE RESIDENTE

De acordo co establecido no apartado 5 do artigo 2 do Decreto 164/2024, do 24 de xuño, polo que se fixan os prezos públicos pola prestación de servizos académicos e administrativos nas universidades públicas do Sistema universitario de Galicia para o curso académico 2024/25, a Universidade debe establecer, mediante resolución reitoral, os prezos que deberán aboar pola matrícula en estudos de Grao e Máster Universitario o alumnado que no se vexa afectado polas taxas establecidas no dito Decreto.

De acordo co exposto,

RESOLVO:**I. Ámbito de aplicación**

Esta resolución resultará de aplicación ás persoas estranxeiras maiores de dezoito anos que non teñan a condición de residentes en España, agás as indicadas a continuación, que aboarán os prezos establecidos para os españois:

1. As nacionais de Estados membros da Unión Europea.
2. As nacionais dos países aos que lles sexa de aplicación o réxime comunitario (Islandia, Liechtenstein, Noruega e Suíza).
3. As nacionais de países con Índice de Desenvolvemento Humano (IDH) medio ou baixo, recollidos no Anexo desta resolución.

II. Custo de referencia

O prezo para o alumnado ao que se refire esta resolución foi acordado polas Universidades do Sistema universitario de Galicia no 25% do custo de referencia para cada un dos epígrafes da tarifa primeira do anexo do Decreto.

O custo de referencia quedou establecido no artigo 2.1 do Decreto 154/2012, polo que se fixan os prezos de matrícula no curso 2012/2013, en 5170,00 € para as titulacións encadradas no epígrafe A do anexo do Decreto, e en 3650,00 € para as titulacións encadradas no epígrafe B do devandito anexo.

III. Prezos por crédito

Os prezos por crédito para as persoas suxeitas ao ámbito de aplicación desta resolución, para o curso académico 2024/25, serán os seguintes:

1. Ensinanzas de Grao.
 - 1.1. Titulacións de Grao do epígrafe A:
 - Primeira matrícula: 17,41 €
 - Segunda matrícula: 24,13 €
 - Terceira matrícula: 39,01 €
 - Cuarta e sucesivas matrículas: 49,74 €
 - 1.2. Titulacións de Grao do epígrafe B:
 - Primeira matrícula: 12,31 €
 - Segunda matrícula: 17,03 €
 - Terceira matrícula: 27,55 €
 - Cuarta e sucesivas matrículas: 35,08 €
2. Ensinanzas de Máster que habiliten para o exercicio de actividades profesionais reguladas en España segundo o establecido na normativa estatal e europea aplicable e análogos.
 - 2.1. Másteres do epígrafe A:
 - Primeira matrícula: 17,41 €
 - Segunda matrícula: 24,13 €

Código Seguro De Verificación	zBeCjYXKjY7oJxu3ITdv3g==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Reitor - Ricardo José Cao Abad	Asinado	05/07/2024 09:33:08
Observacións		Páxina	1/3
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/zBeCjYXKjY7oJxu3ITdv3g==		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		



- Terceira matrícula: 39,01 €
 - Cuarta e sucesivas matrículas: 49,74 €
- 2.2. Másteres do epígrafe B:
- Primeira matrícula: 12,31 €
 - Segunda matrícula: 17,03 €
 - Terceira matrícula: 27,55 €
 - Cuarta e sucesivas matrículas: 35,08 €
3. Ensinanzas de Máster non comprendidas no apartado anterior.
- 3.1. Másteres do epígrafe A:
- Primeira matrícula: 17,41€
 - Segunda e sucesivas matrículas: 48,18€
- 3.2. Másteres do epígrafe B:
- Primeira matrícula: 12,31€
 - Segunda e sucesivas matrículas: 33,35€

IV. Comprobación da condición de residente

A condición de residencia legal consultarase nas plataformas de intermediación de datos ou outros sistemas electrónicos que estean habilitados. De non ser posible esta consulta, acreditarase directamente polas persoas afectadas.

V. Outros prezos

As persoas suxeitas ao ámbito de aplicación desta resolución deberán aboar os prezos correspondentes á tarifa terceira, punto 2 (secretaría) do anexo do Decreto da Xunta de Galicia polo que se establecen os prezos públicos pola prestación de servizos académicos e administrativos no Sistema universitario de Galicia para o curso académico 2024/25, que lle correspondan.

O Reitor
Ricardo Cao Abad

Código Seguro De Verificación	zBeCjYXKjY7oJxu3ITdv3g==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Reitor - Ricardo José Cao Abad	Asinado	05/07/2024 09:33:08
Observacións		Páxina	2/3
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/zBeCjYXKjY7oJxu3ITdv3g==		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		



ANEXO: PAÍSES CON IDH MEDIO/BAIXO

Afganistán	Guinea ecuatorial	Níxer
Angola	Guinea-Bissau	Nixeria
Bangladesh	Haití	Paquistán
Benín	Honduras	Papúa Nova Guinea
Bolivia	Iemen	República Centrafricana
Burkina Faso	Illas Salomón	República del Congo
Burundi	India	República Democrática del Congo
Bután	Iraq	Ruanda
Cabo Verde	Kenya	Santo Tomé y Príncipe
Camboxa	Kiribati	Senegal
Camerún	Laos	Serra Leona
Chad	Lesoto	Siria
Cimbabue	Liberia	Somalia
Comores	Madagascar	Sudán
Costa de Marfil	Malauí	Sudán del Sur
Djibuti	Malí	Surinam
El Salvador	Marrocos	Tanzania
Eritrea	Mauritania	Taxiquistán
Eswatini	Micronesia	Timor Leste
Etiopía	Mozambique	Togo
Gabón	Myanmar	Tuvalu
Gambia	Namibia	Uganda
Ghana	Nauru	Vanuatu
Guatemala	Nepal	Venezuela
Guinea	Nicaragua	Zambia

Código Seguro De Verificación	zBeCjYXKjY7oJxu3ITdv3g==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Reitor - Ricardo José Cao Abad	Asinado	05/07/2024 09:33:08
Observacións		Páxina	3/3
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/zBeCjYXKjY7oJxu3ITdv3g==		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		

